



CONCELLO DE VIGO

Expte.2094/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 20 de maio de 2026

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. Ana M.<sup>a</sup> Mejías Sacaluga  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás vinte horas do día vinte de maio de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(408).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o

S.Extr.Urx. 20.05.2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:41	Páxina 1 de 10
2094-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: AAB2BH-2FCE39-2E2FC8-EMCJT6-83ZW95-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

## **2(409).- MODIFICACIÓN DOS PREGOS DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DIVULGACIÓN DOS EQUIPAMENTOS XESTIONADOS POR PATRIMONIO HISTÓRICO. EXPTE. 12914/307.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/05/2026, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, a letrada-titular de Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para contratación do servizo de divulgación dos equipamentos xestionados por patrimonio histórico (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para contratación do servizo de divulgación dos equipamentos xestionados por patrimonio histórico (PPT)

### **ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 08 de maio do 2026, adoptou o seguinte acordo:

**“Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de divulgación dos equipamentos xestionados por Patrimonio Histórico.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións técnicas asinado o 17 de marzo de 2026 pola xefa da unidade de Patrimonio Histórico.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:41	Páxina 2 de 10
2094-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: AAB2BH-2FCE39-2E2FC8-EMCJT6-83ZW95-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

Expte.2094/1102

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares, asinado pola técnica de Administración Xeral o 29 de abril de 2026 e pola xefa de área de contratación e novos proxectos na mesma data.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto:

A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 449.753,04 euros

B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN (21%): 78.056,32 euros

C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 371.696,72 euros

D) ANUALIDADES CON IVE E APLICACIÓN ORZAMENTARIA:

Anualidade	Datas	Importes	Aplicacións orzamentarias
2026	23/07/2026-31/12/2026	34.201,69 €	3360.2279903. Prestación servizos galerías muralla O Castro
		22.091,91 €	3360.2279900. Coordinación e divulgación pat. arqueolóxico
		10.245,20 €	3360.2260900. Representacións histórico-cultural
<b>Total 2026</b>		<b>66.538,80 €</b>	
2027	01/01/2027-31/12/2027	80.000 €	3360.2279903. Prestación servizos galerías muralla O Castro
		50.336 €	3360.2279900. Coordinación e divulgación pat. arqueolóxico
		19.581,68 €	3360.2260900. Representacións histórico-cultural
<b>Total 2027</b>		<b>149.917,68 €</b>	
2028	01/01/2028-31/12/2028	80.000 €	3360.2279903. Prestación servizos galerías muralla O Castro
		50.336 €	3360.2279900. Coordinación e divulgación pat. arqueolóxico
		19.581,68 €	3360.2260900. Representacións histórico-cultural
<b>Total 2028</b>		<b>149.917,68 €</b>	
2029	01/01/2029-22/07/2029	80.000 €	3360.2279903. Prestación servizos galerías muralla O Castro
		3.378,88 €	3360.2279900. Coordinación e divulgación pat. arqueolóxico
<b>Total 2029</b>		<b>83.378,88 €</b>	

S.Extr.Urx. 20.05.2026



**Quinto.-** Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

**II.-** O anuncio de licitación publicouse na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 8 de maio do 2026.

**III.-** Unha vez publicado o anuncio o servizo xestor advertiu que non se incluírán nos pregos a información do artigo 130 facilitada polo actual contratista, polo que resulta preciso modificar os pregos.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### Da potestade de corrixir de oficio os erros nos pregos

A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

A xurisprudencia do Tribunal Supremo, recollida entre outras nas Sentenzas de 3 de outubro de 2014 e 15 de febreiro de 2016, fixa os requisitos desta corrección de erros:

- 1) Debe tratarse de simples equivocacións elementais (en nomes, datas, operacións aritméticas ou transcripcións de documentos) sen que sexa preciso acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables.
- 2) Deben bastar para a súa apreciación os datos do expediente administrativo no que se advirte.
- 3) Pola súa propia natureza trátase de casos nos que non procede acudir de oficio á revisión de actos administrativos firmes e consentidos.
- 4) Non debe producir unha alteración fundamental no sentido do acto como consecuencia de que o que se expón como erro leva para apreciálo a un xuízo valorativo ou esixa unha operación de cualificación xurídica.
- 5) A apreciación do erro material ou aritmético non pode levar á anulación do acto, dítándose outro sobre bases diferentes e sen as debidas garantías para o afectado: o exercicio da potestade rectificatoria non pode encubrir unha auténtica revisión.
- 6) Debe aplicarse con criterio restritivo.

Con relación aos erros nos pregos que rexen un contrato, a lexislación sectorial autoriza a modificación, tanto dos pregos de cláusulas administrativas particulares como de prescricións técnicas particulares con posterioridade a súa aprobación polo órgano de contratación, máis so nos casos de erro material, de feito ou aritmético. Calquera outra modificación implicará a retroacción de actuacións (artigos 122 e 124 LCSP). No entanto, a lei non regula o procedemento de rectificación de erros, polo que é preciso acudir ao previsto na LPAC, de aplicación supletoria segundo a disposición adicional cuarta da LCSP. Se ben esta lei limita-se a determinar que poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou por instancia



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:41	Páxina 4 de 10
2094-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: AAB2BH-2FCE39-2E2FC8-EMCJT6-83ZW95-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

Expte.2094/1102

dos interesados (artigo 109.2 LPAC). Aplicando este precepto podemos concluir que o órgano de contratación poden corrixir os erros en calquera das fases do procedemento de adxudicación: na fase de preparación, durante o prazo de presentación de proposicións, na fase de valoración ou mesmo tras a adxudicación e formalización do contrato. En caso que o erro se detecte e rectifique durante a vixencia do prazo de presentación de proposicións, será necesaria facer a oportuna advertencia na plataforma de contratación na que se publicase o anuncio, e en principio, non é necesario ampliar o prazo de presentación de ofertas.

Por outra banda, o artigo 136.2 establece determinados casos nos que considera que a modificación dos pregos é significativa e determina a obriga de ampliar o prazo de presentación de ofertas.

-II-

### Da natureza do erro e da procedencia ou non da ampliación do prazo

No caso que nos ocupa detectouse a omisión da información do artigo 130 nos pregos. En consecuencia, é preciso corrixir os pregos para engadir este dato, que se incorporará como Anexo III ao PPT.

É preciso determinar a natureza deste erro para determinar se procede ou non a ampliación do prazo de presentación de ofertas.

O artigo 136.2 da LCSP, tras establecer a obriga dos órganos de contratación de ampliar o prazo inicial de presentación de ofertas en dous supostos:

- cando por calquera razón os servizos dependentes do órgano de contratación non atendesen o requirimento de información que o interesado formulase coa debida antelación consonte ó previsto no artigo 138 da LCSP;
- no caso de que se introduzan modificacións significativas nos pregos da contratación.

determina o que se considera modificación significativa dos pregos. Esta será a que afecte aos seguintes extremos:

- a) A clasificación requirida
- b) O importe e o prazo do contrato
- c) As obrigas do adxudicatario
- d) O cambio ou a variación do obxecto do contrato

A omisión da información do artigo 130 da LCSP, a xuízo da informante, se ben podería cualificarse de erro material, pois non precisa de interpretación xurídica ningunha, trátase dun dos supostos de modificación significativa por afectar as obrigas do adxudicatario con relación a subrogación de traballadores se procedese conforme á lexislación laboral.

Establece a lei que a duración da prórroga, en todo caso, será proporcional á importancia da información que se incorpora. A este respecto, o artigo 130.1 da LCSP atribúe ao órgano de contratación o deber de facilitar aos licitadores, no propio prego, a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores aos que afecte a subrogación que resulte

S.Extr.Urx. 20.05.2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:41	Páxina 5 de 10
2094-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: AAB2BH-2FCE39-2E2FC8-EMCJT6-83ZW95-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

necesaria co obxecto de permitir unha exacta avaliación dos custes laborais que implicará tal medida, polo que se opta por iniciar de novo o prazo de presentación das proposicións.

### -III- Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

### -IV- Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Primeiro.- Incorporar ao prego de prescricións técnicas o anexo III “Información esixida polo art. 130 LCSP” que contén a información facilitada polo actual contratista.*

*Segundo.- Rectificar o apartado 16 F das FEC do prego de condicións administrativas particulares que pasa a estar redactado como segue:*

*INFORMACIÓN ESIXIDA POLO ARTIGO 130 DA LCSP: de conformidade co artigo 130 da LCSP, no Anexo III do PPT consta a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores, facilitada pola empresa saliente, necesaria para permitir a avaliación dos custos laborais que implique, no seu caso, dita medida*

*Terceiro.- Reiniciar o prazo de presentación de ofertas.*

*Cuarto.- No suposto de que se tivera presentado algunha oferta requirirase aos licitadores para que manifesten se manteñen a oferta presentada ou a retiran para presentar unha nova.*

*Quinto.- Publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:41	Páxina 6 de 10
2094-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: AAB2BH-2FCE39-2E2FC8-EMCJT6-83ZW95-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

Expte.2094/1102

### **3(410).- FINALIZACIÓN DA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE FORMACIÓN TEÓRICO-PRÁCTICA DIRIXIDA AO PERSOAL FUNCIONARIO DE NOVO INGRESO EN PRÁCTICAS E INTERINOS DO SERVIZO DE PREVENCIÓN, EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO. EXPTE. 7304/213.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/05/2026, asinado polo subxefe do extinción de Incendios e Salvamento, o xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de formación teórico-práctica dirixida ao persoal funcionario de novo ingreso en prácticas e interinos no servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento (PCAP)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 12 de setembro de 2025, a Xunta de Goberno Local (en adiante a XGL), acordou aprobar o expediente de contratación do servizo de formación teórico-práctica dirixida ao persoal funcionario de novo ingreso en prácticas e interinos no servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento, autorizar o gasto e abrir a licitación deste procedemento.

**Segundo.-** O 24 de xullo de 2025, tras a tramitación do procedemento de licitación, a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Adxudicar a SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, SA o procedemento aberto para a contratación do servizo de formación teórico-práctica dirixida ao persoal funcionario de novo ingreso en prácticas e interinos no Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (7304-213) por un prezo total do contrato de 202.234,52 euros (IVE exento), e coas seguintes condicións:*

- a) *A porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP é do 0%.*

S.Extr.Urx. 20.05.2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:41	Páxina 7 de 10
2094-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: AAB2BH-2FCE39-2E2FC8-EMCJT6-83ZW95-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- b) *A experiencia do persoal para adscribir ao contrato superior á mínima esixida no apartado 5F da FEC é a seguinte:*
- *Experiencia dos instrutores/formadores principais:*
    - *Experiencia como técnico/a Medio/a en Emerxencias e Protección Civil con máis de 10 anos.*
    - *Experiencia como enxeñeiro técnico na rama de electricidade, industrial ou química con máis de dous anos de experiencia, SI.*
  - *Experiencia dos instrutores/formadores de apoio como certificado de profesionalidade nivel 2 na Área de Seguridade e Prevención da familia de Seguridade e Medio Ambiente de máis de 5 anos.*
- c) *Propón 1 instrutor/formador principal a maiores do esixido no apartado 5F da FEC.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Terceiro.-** Con data 25 de agosto de 2025 formalizouse o contrato, que ten un prazo de execución de 24 semanas, contado desde o día seguinte ao da sinatura do contrato pola Concelleira delegada de Contratación. Non están previstas prórrogas

**Cuarto.-** No momento da sinatura do contrato non estaban nomeados os funcionarios destinatarios da formación, polo que resultaba de imposible execución o seu obxecto, razón pola que a Xunta de Goberno Local, en data 5 de decembro de 2025, acordou a suspensión deste contrato.

**Quinto.-** A acta de suspensión asinouuse o 7 de maio de 2026 polo responsable do contrato, o xefe da área de Seguridade e Mobilidade e o representante de SEGANOSA. Na mesma o contratista declara que non procede que a Administración municipal lle abone ningunha indemnización por mor da suspensión por canto esta non lle xera nin danos nin prexuízos.

**Sexto.-** Por Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de abril de 2026 nomeáronse os funcionarios en prácticas (23 bombeiros, 7 condutores-bombeiros) que deberán superar o curso selectivo de carácter teórico-practico.

Sétimo.- Segundo comunicación da Xefa da Área de RRHH e Formación ao Oficial subxefe do SEIS, os 30 funcionarios nomeados en prácticas tomarán posesión o 20 de maio de 2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:41	Páxina 8 de 10
2094-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: AAB2BH-2FCE39-2E2FC8-EMCJT6-83ZW95-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

Expte.2094/1102

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

#### Da finalización da suspensión

A suspensión dun contrato administrativo é un mecanismo previsto na lei para o suposto da existencia de imprevistos ou de circunstancias que impiden a normal execución do mesmo. A vixente lei de contratos a recolle no artigo 190 entre as prerrogativas da administración no seno do contrato.

Afecta ó prazo de execución do contrato, que se interrompe mentres existan impedimentos que obstaculicen o seu cumprimento. Como contrapartida o contratista terá dereito a indemnización dos danos e prexuízos efectivamente sufridos durante o período de suspensión, sempre e cando os acredite.

A suspensión dos contratos está regulada no artigo 208 da LCSP.

O contrato que nos ocupa ten por obxecto a “prestación do servizo de formación específica – curso selectivo – para os/as bombeiros/as, condutores/as-bombeiros/as, cabos e sarxentos/as de novo ingreso encadrados/as na primeira e segunda fase das ofertas de emprego público dos anos 2020-2021-2022 e para a cobertura das vacantes xeradas nas OEP 2023-2024”. Razón pola que acordouse a suspensión do contrato o 5 de decembro de 2025 en tanto en canto non se nomease aos citados funcionarios.

Coa toma de posesión dos 30 funcionarios en prácticas, procede deixar sen efecto a suspensión da execución do contrato acordada.

-II-

#### Da indemnización de danos e prexuízos

A lei prevé que acordada a suspensión dun contrato, a Administración deberá aboar ao contratista os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este como consecuencia da suspensión, e fixa as regras para a súa determinación (artigo 208 LCSP). No entanto, no presente caso, o contratista na acta de suspensión declarou “*que non procede que a Administración municipal lle abone ningunha indemnización por mor da suspensión por canto esta non lle xera nin danos nin prexuízos*”.

-III-

#### Existencia de crédito adecuado e suficiente

Consta no expediente documento AD con crédito adecuado e suficiente.

S.Extr.Urx. 20.05.2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:41	Páxina 9 de 10
2094-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: AAB2BH-2FCE39-2E2FC8-EMCJT6-83ZW95-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**-IV-****Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional cuarta da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

**-V-****Proposta de acordo**

A vista do exposto, propónse á XGL a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Rematar con efectos de 20 de maio de 2021 a suspensión do contrato do servizo de formación teórico-práctica dirixida ao persoal funcionario de novo ingreso en prácticas e interinos do servizo de Prevención, Extinción de incendios e Salvamento e reiniciar a súa execución.*

*2º.- Declarar que non procede a fixación de indemnización de danos e prexuízos a favor do contratista segundo o contido da acta de suspensión”.*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:41	Páxina 10 de 10
2094-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: AAB2BH-2FCE39-2E2FC8-EMCJT6-83ZW95-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		